



## Concello de Viveiro

---

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO**

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA DEZ DE ABRIL DE 2017.**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA.  
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL  
D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ  
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 10 de abril de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan a súa asistencia os concelleiros D<sup>a</sup>. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA e D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 03-04-17.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 03 de abril de 2017.

### **2.- LICENZAS URBANÍSTICAS**

---

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE. 893/2017.-**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Diego Fernández Martínez para executar obras de acondicionamento de local para uso de optica na rúa Almirante Chicarro, Nº 1-Baixo 1-Viveiro.

Visto que, no informe xurídico obrante no expediente, constan os seguintes antecedentes:

- Con fecha 2 de febreiro de 2017 tivo entrada no rexistro xeral deste Concello a solicitude de licenza urbanística asinada por DIEGO FERNANDEZ MARTINEZ para executar obras de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA USO DE OPTICA en c/ ALMIRANTE CHICARRO, Nº 1\_BAIXO 1 \_VIVEIRO, no inmovible de referencia catastral 3253509PJ1335S0003KA

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proxecto de acondicionamento de local para uso de optica asinado polo arquitecto Rafael Marful Aba en xaneiro de 2017, visado polo COAG co numero 1700755.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais (ICIO e taxa de licenza de obra).

Xunto coa anterior documentación, o promotor das obras achegou a seguinte documentación, relativa á actividade de óptica:

- Memoria da actividade de farmacia (incorporada no punto 1.03 do proxecto técnico antedito).
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais preceptivos (taxa de actividades sometidas a comunicación previa).
- Declaración do titular da actividade de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubrida e as demais previstas no planeamento urbanístico.

- Consta no expediente oficio de dirección das obras a favor do arquitecto, Rafael Marful Aba.

- Constan no expediente os seguintes informes dos servizos técnicos municipais:

- a) O de 7 de marzo de 2017, favorable á solicitude de licenza de obras.

## Concello de Viveiro

---

- b) O de 29 de marzo de 2017 respecto da adecuación da actividade á normativa de aplicación e ao planeamento municipal.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, D<sup>a</sup>. Irene Fernández Cora, co visto e prace do arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. O local comercial obxecto da obra está ubicada no número 1-baixo da rúa Almirante Chicarro, dentro do Casco Histórico de Viveiro. As obras a realizar consisten no acondicionamento de local para óptica segundo proxecto asinado polo técnico Rafael Marful Aba. Respecto ao cumprimento da normativa urbanística, sinálase que, as obras cumpren coa normativa urbanística. Respecto do cumprimento da normativa técnica aplicable, segundo a corrección de erros do informe técnico, realizada pola aparelladora da oficina de rehabilitación as obras cumpren coa normativa técnica aplicable. Sinálase no informe técnico que se observa nos planos de distribución presentados no proxecto, que existe unha zona para despacho e taller situada no altillo ó que se accede a través dunhas escaleiras, este espazo será de acceso restrinxido, non podendo ser de uso público.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, D<sup>a</sup>. Ana Coya Guerrero, sobre a compatibilidade da implantación dunha óptica coa ordenanza urbanística provisional e a normativa técnica aplicable.

No referido informe sinalase que :

-Trala suspensión das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e a aprobación do Decreto 102/2006, de 22 de junio, polo que se suspende as normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (OUP)<sup>(1)</sup> edificación onde se implantará a actividade está regulada pola **ORDENANZA DE SOLO URBANO DO CASCO ANTIGO DE VIVEIRO**. As condicións de edificación e usos están recollidas no Plan Especial e Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI)<sup>(2)</sup>, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Viveiro, o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo n.º 233, de 10 de outubro) os usos permitidos son: residencial, industria e almacén, **comercial** e dotacional.

- Que segundo o apartado 1.05 do **“Proxecto de acondicionamento de local para uso de óptica”**<sup>(3)</sup> redactado polo arquitecto Rafael Marful Aba a actividade solicitada inclúe a seguinte maquinaria: biseladora, frontofocómetro, ventilete, banco de taller equipado, lámpara de fendidura, caixa de probas, retinoscopio e regras de esquiscopio, prismas e cilindros cruzados, optotipos de leixos e cerca, oftalmómetro, oftalmoscopio, interpupímetro, test duocromo, test de estereopsis, test de visión de cores e filtro azul cobalto. En cumprimento do **artigo 11, apartado 3 Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia, o solicitante fai constar nunha declaración responsable que o nivel sonoro é igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB (protección contra a contaminación acústica).**

- Que o desenvolvemento da actividade non xenera ningún tipo de emisións ou vertidos que deberan ser tratados antes de ser expulsados á atmósfera ou vertidos á rede de saneamento municipal. Igualmente non se xenera ningún tipo de residuo perigoso que deba ser xestionado por empresas especializadas, tal e como se establece no apartado 1.07 do proxecto.

-Que NON é necesario tramitar o procedemento de incidencia ambiental, debido a que a actividade a desenvolver non se atopa dentro dos supostos recollidos no Anexo **“Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental” da Lei 9/2013, de 19 de**



## Concello de Viveiro

---

**decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia**, tal e como se establece no apartado 1.07.5 do proxecto.

Conclúe o referido informe técnico que a actividade solicitada cumpre coa ordenanza urbanística provisional e a normativa aplicable.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142 LSG e e 351.1, letra b) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmovble referido atópase dentro do recinto intraportas (RIP) do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que se a topa incluído no catálogo inventario do mesmo.

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exhibibles nos termos da lexislación sectorial vixente. Non resultan precisas autorizacións e/ou informes sectoriais, segundo se deduce do informe dos servizos técnicos que constan no expediente.

- O informe da apareladora da oficina de rehabilitación do casco antigo de Viveiro, conformado polo arquitecto municipal, constata a adecuación do acto pretendido ao planeamento urbanístico. O Planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo urbano da zona antiga de Viveiro, as condicións de edificación e a regulación de usos serán as recollidas na normativa do documento do «plan especial de protección e de reforma interior da zona antiga», aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Viveiro, o 7 de agosto de 1997, que foi publicada no BOP de Lugo nº 233, do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. Dentro dos usos permitidos atópanse os seguintes: residencial, industria e almacén, comercial e dotacional.

- De conformidade co disposto no artigo 144 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consígnase expresamente esta circunstancia. E o artigo 24.2 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia dispón que, se para o desenvolvemento da actividade se precisa a realización dunha obra, a documentación descrita no apartado 1 presentárase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder, e logo de rematar a obra, presentárase comunicación previa para o inicio da actividade.

Consta no expediente a documentación relativa á actividade de óptica que resulta necesaria para a tramitación deste expediente, descrita no punto 1 dos antecedentes, cuio contido se adecúa ao disposto no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento univo de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (en diante, RIAE), non resultando exhibibles máis documentos que os achegados.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro: Conceder a D. Diego Fernández Martínez, licenza urbanística para executar obras de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA USO DE OPTICA en C/ Almirante Chicarro, Nº 1- Baixo 1, Viveiro, no inmovible de referencia catastral 3253509PJ1335S0003KA, de acordo co proxecto asinado polo arquitecto, D. Rafael Marful Aba en xaneiro de 2017, visado polo COAG co numero 1700755, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

1

- a) O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses. O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- b) A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- c) Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- d) Unha vez rematadas as obras, deberá achegar a comunicación previa de inicio da actividade. Unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso do establecemento, e deberá ser exhibida cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.

Terceiro .- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

## Concello de Viveiro

---

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 216/2017.- DIVISIÓN XURÍDICA DE LOCAL SEN USO**

Visto o expediente 216/2017, sobre segregación de local sen uso sito na rúa Rego das Frores, 9, entreplanta nº 1, en Viveiro, de referencia catastral 3456507PJ1335N0010EU.

Visto o informe xurídico emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que sinala que:

*"INFORME DE URBANISMO SOBRE NECESIDADE DE TITULO HABILITANTE URBANÍSTICO OU SOBRE A SÚA INNECESARIEDADE*

*Emítase informe en relación coa solicitude de don MIGUEL CHAO MARTINEZ, en nome e representación da mercantil ANDRES LOPEZ BLANCO, S.L. de autorización administrativa para a segregación dun local existente en edificio de vivendas construído na rúa Rego das Frores n.º 9 en Viveiro (suxeito por tanto ao réxime de propiedade horizontal)*

*Trátase dun local existente do que se pretenden segregar dúas porcións, de acordo cos seguintes datos:*

*Identificación do local a segregar:*

*Segundo os datos catastrais, o local emplázase na rúa Rego das Frores 9, Esc. 2, Entreplanta números 1 e 7 en Viveiro, de referencia catastral 3456507PJ1335N0010EU, e con uso de almacén. Segundo a certificación catastral, a superficie total con uso almacén é de 215 metros cadrados*

*Segundo os datos rexistrados facilitados polo solicitante, atópase inscrito do Rexistro da Propiedade de Viveiro ao Tomo 690, libro 268, folio 45, finca número 27499, e conta con unha superficie de 210,60 metros cadrados*

*Identificación das porcións a segregar (grafiadas no plano achegado coa solicitude)*

*- Local 1, sen destino específico, con unha superficie de 40,27 metros cadrados*

*- Local 2, sen destino específico, con unha superficie de 1,15 metros cadrados*

*Sobre a solicitude referida cómpre, a xuízo da asinante, efectuar as seguintes consideracións:*

*1ª. De conformidade co disposto no artigo 26 Real Decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, texto refundido de la Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana, sobre formación de fincas e parcelas, relación entre elas e complexos inmobiliarios, **constitúe finca a unidade de solo ou edificación** atribuída exclusiva e excluíntemente a un propietario ou varios en proindiviso, podendo dividirse ou segregarse para dar lugar a dúas ou máis diferentes si cada unha das resultantes reúne as características exixidas pola lexislación aplicable e a ordenación territorial e urbanística, debendo os notarios exixir, para o seu testimonio, a acreditación documental de conformidade, aprobación ou autorización administrativa á que, de ser o caso, estea suxeita, na autorización de escrituras de segregación ou división de*

## Concello de Viveiro

---

*fincas. O cumprimento daquel requisito será exigido polos rexistradores para practicar a correspondente inscrición*

*SEGUNDA: A ordenación territorial e urbanística de Galicia, para os efectos de establecer a necesidade de dispoñer de título habilitante urbanístico, é a contida na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante, LSG) e no Regulamento para o seu desenvolvemento, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). A tenor do establecido no artigo 142.2, letra f) da LSG, están suxeitos a licenza municipal, as parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación. Na mesma liña, o artigo 366 do RLSG, define as parcelacións urbanísticas como “as divisións ou segregacións de terreos cando, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, teñan como obxectivo levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propios do solo urbano e a implantación de obras propias deste solo...”*

*Por outra parte, o artigo 142.3 LSG dispón que o resto de actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza, e en todo caso, os que así se establezan nas leis, quedan suxeitos ao réxime de comunicación previa. E o artigo 360.2 do RLSG somete ao réxime de comunicación previa todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non sometidos a licenza.*

### CONCLUSIÓNS:

*No suposto que se está a informar, de acordo coa ordenación territorial e urbanística reguladora desta materia, cabe obter as seguintes conclusións, a xuízo da asinante:*

- O acto pretendido pola mercantil ANDRES LOPEZ BLANCO, S.L. consiste na división dunha superficie construída dentro dunha edificación existente. Ao non tratarse dun acto de segregación ou división de terreos, segundo a normativa autonómica citada, non estaría suxeito a licenza urbanística municipal.*
- O acto pretendido tampouco ten encaixe dentro do concepto de actos de ocupación, construción, edificación ou uso do solo e do subsolo, citados no artigo 360.2 do RLSG como suxeitos ao réxime de comunicación previa, por canto non implica actuación construtiva, exercicio de actividade nin cambio de uso, senon que se trata exclusivamente dun acto civil, relacionado co exercicio das facultades inherentes ao dereito de propiedade. En consecuencia, posto que estaríamos diante dun acto de división ou segregación dunha unidade de edificación (local), tampouco resultaría exigible a intervención municipal mediante comunicación previa.*
- As anteriores conclusións non afectarían ás futuras actuacións urbanísticas que se poidan producir nos locais de resultado, tales como execución de obras, cambios de uso, exercicio de actividades etc. que, en todo caso deberán ser tramitadas de acordo cos procedementos de intervención municipal (licenza ou comunicación previa) establecidos na lexislación urbanística e planeamento municipal.”*

Por parte da Secretaria Xeral maniféstase o seguinte:

-A interpretación doutrinal sobre a necesidade ou innecesiedade da obtención de autorización administrativa para a segregación de locais non é unánime, podendo atoparse con criterios dispares ao respecto.

-A competencia para determinar que actos están suxeitos a licenza corresponden ás comunidades autónomas, competencia en materia urbanística. Os títulos competenciais que amparan os artigos da Lei de

## Concello de Viveiro

---

Propiedade Horizontal e da Lei do Solo estatal que se refiren á segregación de locais foron dictados ao amparo do disposto nos artigos 149.1.8 e 149.1.18 da Constitución.

-A lexislación urbanística autonómica non determina expresamente que este acto esteña suxeito a licenza, sen embargo, atendendo aos títulos competenciais da normativa estatal, enténdese que sería esixible autorización nos supostos establecidos na referida normativa (artigo 10 da Lei 49/1960, de Propiedade Horizontal, coa modificación introducida pola 8/2013, de 26 de xuño e artigo 26 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).

-O artigo 26.2 do RDL 7/2015 sinala que *“la división o segregación de un finca para dar lugar a dos o más diferentes sólo es posible si cada una de las resultantes reúne las características exigidas por la legislación aplicable u la ordenación territorial y urbanística”*, o que parece determinar que debe realizarse un control sobre o cumprimento da referida normativa, e polo tanto a necesidade de autorización para poder levar a cabo a segregación. O mesmo artigo segue dicindo *“En la autorización de escrituras de segregación o división de fincas, los notarios exigirán, para su testimonio, la acreditación documental de la conformidad, aprobación o autorización administrativa a que esté sujeta, en su caso, la división o segregación conforme a la legislación que le sea aplicable.”*, o que parece remitir para a suxección a autorización (*“en su caso”*) a cada normativa urbanística autonómica.

-Esta dualidade competencial xera discrepancias interpretativas sobre o sometemento destes actos a autorización administrativa no suposto de que a normativa autonómica non os someta a licenza ou comunicación previa, non habendo un criterio interpretativo unánime. Estas cuestión púxose de manifesto ante o departamento de urbanismo, compartindo esta diversidade interpretativa pola doutrina.

-A normativa autonómica vixente é moi recente, o que conleva que non se poda atopar aínda a día de hoxe xurisprudencia ao respecto.

A Xunta de Goberno Local, atendendo ás consideracións manifestadas pola Secretaria Municipal, tendo en conta que a normativa urbanística autonómica non recolle expresamente a necesidade de autorización para estes actos, que a solicitude de segregación non refire un uso específico, e en base ao disposto no informe emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Declarar que o acto solicitado non está suxeito a licenza urbanística municipal.

O acto pretendido pola mercantil ANDRES LOPEZ BLANCO, S.L. consiste na división dunha superficie construída dentro dunha edificación existente. Ao



## Concello de Viveiro

---

non tratarse dun un acto de segregación ou división de terreos, segundo a normativa autonómica non estaría suxeito a licenza urbanística municipal.

O acto pretendido tampouco ten encaixe dentro do concepto de actos de ocupación, construción, edificación ou uso do solo e do subsolo, citados no artigo 360.2 do RLSG como suxeitos ao rexime de comunicación previa, por canto non implica actuación construtiva, exercicio de actividade nin cambio de uso, senon que se trata exclusivamente dun acto civil, relacionado co exercicio das facultades inherentes ao dereito de propiedade. En consecuencia, posto que estaríamos diante dun acto de división ou segregación dunha unidade de edificación (local), tampouco resultaría esixible a intervención municipal mediante comunicación previa.

Segundo.- O presente acordo non afecta ás futuras actuacións urbanísticas que se poidan producir nos locais de resultado, tales como execución de obras, cambios de uso, exercicio de actividades etc. que, en todo caso deberán ser tramitadas de acordo cos procedementos de intervención municipal (licenza ou comunicación previa) establecidos na lexislación urbanística e planeamento municipal.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados coa expresión dos recursos que procedan.

### **3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN**

#### **2318/2017.- DEVOLUCIÓN DE AVAL**

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D<sup>a</sup>. María Pilar Vior Fernández, en calidade de Administradora única da empresa COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES (antes GESTIÓN INTEGRAL DE SERVICIOS VICONAU, S.L.), adxuntase como Anexo I, e con domicilio social na Avenida Rafael Fernández Cardoso, 20 baixo Dcha. Ribadeo. C.P. 27700 Lugo, no que manifesta que :

*“ PRIMERO.- Que según escrito presentado en ese Concello el día 09/10/2014 con registro de entrada 7.399 se informo a esa Administración de la COMPRA DE LOS DERECHOS DE COBRO que la empresa CONSTRUCCIONES COTO RIBADEO, S.L. tenía con el Concello de Viveiro, se adjunta dicho escrito como Anexo 2.*

*SEGUNDO.- Que, de conformidad con el informe de la Administración Concursal de Construcciones Coto Ribadeo, S.L., los derechos de cobro de esta empresa con el Concello de Viveiro son los siguientes:*

*1º) DEVOLUCIÓN IMPUESTO SOBRE CONSTRUCCIONES, INSTALACIONES Y OBRA (I.C.I.O.), correspondiente a la Licencia de obra nº 102/2006 por importe de 58.619,65 €.*

*2º) FACTURA Nº 32/2013 de fecha 22/05/2013 por importe de 57.030,22, correspondiente a trabajos de demoliciones, consolidación de fachadas y construcción de soleras en el entorno histórico do Celeiriño..*

*3º) FACTURA Nº 33/2013 de fecha 22/05/2013 por importe de 19.971,03*

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

*correspondiente a trabajos de varias actuaciones en Viveiro.*

4º) DEVOLUCION AVAL DEFINITIVO de la Obra: Pavimentación y Servicios Rúa Irmáns Vilar Ponte de fecha 10-10-2012 e importe 5.619,83 € ingresado en metálico en la cuenta de NCG Banco a nombre del Concello de Viveiro. Se adjunta como ANEXO 3 copia de la carta de pago.

TERCERO.- Que, a día de hoy ya han sido abonados por parte del Concello de Viveiro los derechos de cobro señalados con los nº 2 y 3 del punto anterior.

CUARTO.- Que el derecho de cobro señalado con el nº 1 se encuentra reclamado judicialmente al haber desestimado su pago el Concello de Viveiro.

QUINTO.- Que se encuentra pendiente el pago por parte de esa administración del derecho de cobro señalado con el número 4 y que se transcribe:

4) DEVOLUCIÓN AVAL DEFINITIVO de la Obra: Pavimentación y Servicios Rúa Irmáns Vilar Ponte de fecha 10-10-2012 e importe 5.619,83 € ingresado en metálico en la cuenta de NCG Banco a nombre del Concello de Viveiro.

*Se adjunta copia de la carta de pago.*

SEXTO.- Que la obra garantizada por dicho Aval ha sido recibida por el Concello de Viveiro en conformidad el día 15/11/2012 trascurriendo sobradamente el Plazo de Garantía de 1 año estipulado por la Ley Vigente sin ningún tipo de reclamación.

*Por ello,*

SOLICITO: Que, se proceda a la cancelación de dicho aval, constituido en metálico, y se proceda a abonar a la mayor brevedad posible a la empresa COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES S.L., el importe 5.619,83 € (Importe del Aval), la cual se han de hacer efectiva en el número de cuenta: ES91-0081-5420-39-0001198730, titularidad de mi representada."

Visto o informe de D. Santiago Meitín Míguez, como director técnico da obra, "PAVIMENTACIÓN Y SERVICIOS EN LA CALLE IRMÁNS VILAR PONTE EN SU TRAMO DESDE LA PLAZA DE SANTA MARÍA HASTA LA CALLE LUIS TRELLES" de data 5 de abril de 2017, no que se indica que transcurrido un ano dende a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación se producen por causas non imputables ó contratista, observa que as prestacións obxecto do contrato cumpren as cláusulas e condicións técnicas, o que informa ós efectos da devolución da fianza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada D<sup>a</sup>. María Pilar Vior Fernández, en calidad de Administradora única da empresa COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES (antes GESTIÓN INTEGRAL DE SERVICIOS VICONAU, S.L.), referente á obra "PAVIMENTACIÓN Y SERVICIOS EN LA CALLE IRMÁNS VILAR PONTE EN SU TRAMO DESDE LA PLAZA DE SANTA MARÍA HASTA LA CALLE LUIS TRELLES" aval nº ES91-0081-5420-39-0001198730, por un importe de 5.619,83 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Contratación para a súa notificación ao interesado, así como comunicación ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución.

Terceiro.- Dar traslado do escrito de solicitude aos Departamento de

## Concello de Viveiro

---

Intervención e Tesourería, para os efectos que correspondan respecto ás facturas pendentes de pago que se relacionan no escrito do solicitante.

### **EXPTE. 1001/2017.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE.**

Visto o expediente de contratación CT 4/2017, (expte. 1001/2017) correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade urxente da obra denominada "Reposición de firme e mellora dos servizos urbanos nos viais de acceso ao colexio e á igrexa parroquial de Covas - Viveiro".

Visto o informe favorable da Secretaría Xeral coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto "Reposición de firme e mellora dos servizos urbanos nos viais de acceso ao colexio e á igrexa parroquial de Covas - Viveiro", redactado polo arquitecto de obras en decembro de 2016, e cun orzamento de execución por contrata de 54.224,84 euros.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación da obra "Reposición de firme e mellora dos servizos urbanos nos viais de acceso ao colexio e á igrexa parroquial de Covas - Viveiro", cun orzamento total de 54.224,84 euros, IVE incluído, cun prazo de execución de un mes, así como a aprobación do gasto.

Orzamento base	21% IVE	Orzamento Total
44.813,92 €	9.410,92 €	54.224,84 €

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento negociado sen publicidade.

Cuarto.- Nomear como director da obra ao arquitecto de obras municipal, D. Santiago Meitín Míguez, e no suposto de ausencia do mesmo, nomear para a súa substitución a D<sup>a</sup>. Irene Fernández Cora.

Quinto.- Nomear a D<sup>a</sup>. Irene Fernández Cora coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.

Sexto.- Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de tres días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula dezaseis do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

- CARFERLO, S.L. , Pol. Ind. de Camba / parcela 56. C.P. 27850 - Xove (Lugo)

## Concello de Viveiro

---

- EXCAVACIONES RAMSEI, S.L., C/ Alvaro Cunqueiro, 38 - local. C.P. 27780 - Foz (Lugo)
- HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L., Lg. Casteló nº 1. C.P. 27152 - Otero de Rey (Lugo).

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e comunicación do presente acordo ó Departamento de Intervención.

### **4.- PROPOSTAS DE GASTOS**

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 2143/2017.- EXPTE. 2232/2017.- EXPTE. 2233/2017.- EXPTE. 2286/2017.- EXPTE. 2315/2017.- EXPTE. 2347/2017.- EXPTE. 2372/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **5.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 2375/2017.-**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 2375/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **6.- ENTRONCAMENTO**

#### **EXPTE. 2079/2017.-**

## Concello de Viveiro

---

Vista a solicitude de D. Joaquín Alonso Julian, con domicilio a efectos de notificación en Xunqueira, nº 29-4ºD, en Viveiro, para realizar o entronque á rede de abastecemento de auga, para a finca con referencia catastral 3659704PJ1335N0001MQ, sita en Río dos Foles, 18.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	P.E. Ø 50
Diámetro da acometida	32
Lonxitude da acometida	4 m
Terreo	Terra
Observacións	

Resultando que no expediente consta informe emitido polo vixiante urbanístico, de data 6 de abril de 2017, no que indica que non ten que romper firme de pista por encontrarse a toma mesmo na entrada á finca.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de abastecemento de auga solicitado por D. Joaquín Alonso Julian, debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 145,61 euros, no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, segundo o art. 6.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

### **PUNTO INCLUIDO NA ORDE DO DÍA POR URXENCIA.**

Por parte do Sr. Concelleiro de Economía e Facenda. D. Jesús Fernández Fernández, propónse a inclusión na presente sesión da Xunta de Goberno Local, un asunto de carácter urxente, tendo en conta que se trata dunha actuación necesaria para poder continuar coa execución da obra "Pavimentación e reposición da rede de saneamento no tramo inicial do Camiño Real de Vieiro-Viveiro", que conta cun escaso prazo de xustificación,



## Concello de Viveiro

---

paralizadas en tanto non se leve a cabo a actuación que se recolle na referida proposta.

- EXPTE. 2352/2017. Proposta de gasto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a urxencia do asunto proposto para a inclusión na presente sesión, asunto que se relaciona a continuación, segundo o expediente ao que pertence:

### **EXPTE. 2352/2017. Proposta de gasto**

Vista a proposta de gasto presentada polo Concelleiro de Facenda, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, co número de expediente: **EXPTE. 2352/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **7.- ROGOS E PREGUNTAS**

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 10 de abril de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.